

CONTIDOS

AXUDAS CONTRA-
TACIÓN INDEFINI-
DA 1

MICROCRÉDITOS 2

AXUDAS DIRIXIDAS A AUTÓNOMOS PARA A
REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN INDEFINIDAS

A Consellería de Traballo e Benestar convocou un plan de axudas para fomentar a contratación indefinida por parte dos autónomos.

Beneficiarios:

1. persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o primeiro ano de actividade.
2. persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

Contías:

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de:

Primeira persoa traballadora indefinida:

- a) 4.000 € home desempregado.
- b) 5.000 € mozo desempregado de 30 ou menos anos ou dun home desempregado de 45 ou máis anos de idade que sexa parado de longa dura-



ción.

- c) 5.000 € muller desempregada.
- d) 6.000 € moza desempregada de 30 ou menos anos ou dunha muller desempregada de 45 ou máis anos de idade que sexa parada de longa duración.

Segunda e terceira persoa traballadora indefinida:

- a) 5.000 € home desempregado.
- b) 6.000 € mozo desempregado de 30 ou menos anos ou dun home desempregado de 45 ou máis anos de idade que sexa parado de longa duración.
- c) 6.000 € muller desempregada.
- d) 7.000 € moza desempregada de 30 ou menos anos ou dunha muller desempre-

gada de 45 ou máis anos de idade que sexa parada de longa duración.

Prazo de solicitudes

As axudas previstas neste programa poderán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral de carácter indefinido.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2013.

Orde do 6 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede a súa convocatoria para o ano 2013 (DOG. Nº 111, do 12 de xuño).

MICROCRÉDITOS AOS EMPREENDORES, AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS, AVALADOS POLAS SGRS

Co obxectivo de facilitar a financiación para emprendedores e autónomos, o IGAPE pon a súa disposición unha liña de avais de microcréditos.

Poderán acollerse, emprendedores, autónomos e persoas xurídicas con obxecto empresarial. Tamén poderán acceder ás operacións as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo actividades empresariais.

En todo caso deberán cumprir co requisito de microempresa conforme á definición establecida pola Unión Europea, e dicir :

- Que teña menos de 10 traballadores.
- Que teñan unha cifra de negocios anual ou balance xeral anual que non supere os 2 millóns de euros.
- Que cumpra o criterio de independencia.

CARACTERÍSTICAS DOS MICROCRÉDITOS

O importe máximo dos microcréditos será de 25.000 euros por beneficiario e poderán acadar o 100% dos investimentos financeiros.

O prazo de amortización será de 5 anos, incluído 1 ano, como máximo, de carencia na amortización de principal.

O tipo de xuro nominal anual para os microcréditos acollidos a este convenio, será o que libremente pacten as partes, no marco dos acordos ou convenios de colaboración das Sociedades de Garantía Recíproca coas entidades financeiras e poderá ser fixo ou variable.

As operacións serán avaladas ao 100% polas SGRs, ante as entidades financeiras.

As SGR poderán cobrar ao cliente ata o 1% en concepto de comisión de aval, calculado sobre o saldo vivo anual do importe avalado, así coma a cota social mutualista, que se aboará ao inicio da operación. Este importe será reembolsado ao cliente unha vez remate a súa relación coa SGR.

Poderán ser financiados os investimentos realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 ata a data da primeira amortización de principal do microcrédito.

Serán financiáveis os seguintes conceptos de gasto, que se materialicen en:



a) Inmovilizado material, agás a adquisición de terreos e edificacións: Reforma e axeitamento de Locais, bens de equipo e unidades funcionais, elementos de transporte, exclusivamente vehículos industriais, agás vehículos de transporte de mercadorías por estrada por parte de empresas que realicen esta actividade por conta allea, honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra e outros investimentos en activos fixos materiais.

b) Inmovilizado intanxible adquirido a terceiros: unicamente aplicacións informáticas, propiedade industrial, propiedade intelectual, canons de entrada de concesións administrativas ou de franquías, e investimentos de acondicionamento realizados nun local arrendado e que queden definitivamente incorporados a aquel.

As **solicitudes deberán presentarse nas sociedades de garantía recíproca**, establecéndose coma data máxima de concesión dos microcréditos o 31 de decembro do ano 2013.

Información nas oficinas do Igape

- Por teléfono: 902 300 903 / 981 54 11 47

- Por correo electrónico: informa@igape.es

- Na web do Igape: www.igape.es



APE Galicia

Praza de España 1, oficina 1l e 2D

36002 Pontevedra

Teléfono: 986 86 16 57

Correo: apegalicia@hotmail.com

Estamos na web
www.apegalicia.es